



| Guía Docente          |  |                    |  |          |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |  | 2023/24  |
| Asignatura (*)        | Fundamentos de Deseño Artístico da Moda  | Código             | 710G03002                                    |          |
| Titulación            | Grao en Xestión Industrial da Moda   |                    |  |          |
| Descritores           |  |                    |  |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo   | Créditos |
| Grao                  | 1º cuatrimestre  | Primeiro           | Formación básica                             | 6        |
| Idioma                | Inglés   |                    |  |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |  |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |  |          |
| Departamento          | Composición Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición   |                    |  |          |
| Coordinación          | Blanco Lorenzo, Enrique Manuel   | Correo electrónico | enrique.blanco@udc.es                        |          |
| Profesorado           | Blanco Lorenzo, Enrique Manuel<br>García Requejo, Zaida  | Correo electrónico | enrique.blanco@udc.es<br>zaida.garcia@udc.es |          |
| Web                   | <a href="http://ffd.materias.udc.gal/">http://ffd.materias.udc.gal/</a>  |                    |  |          |
| Descrición xeral      | Materia de primeiro curso e primeiro cuatrimestre que propón dar a coñecer os conceptos básicos do deseño e os seus principios universais, así como introducir os seus vínculos cós ámbitos da arte e da moda. |                    |  |          |

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A4                                  | Dominar os fundamentos do deseño en xeral e do deseño da moda en particular, e enmarcalos no seu contexto histórico particular e xeral.   |
| A5                                  | Desenvolver as necesarias habilidades para a xeración de ideas creativas e innovadoras.   |
| A18                                 | Coñecer as linguaxes plásticas e visuais no ámbito do deseño da industria da moda, para entender e interpretar as creacións artísticas de prendas de moda.  |
| B1                                  | Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e se adoita atopar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| B2                                  | Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.   |
| B3                                  | Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.   |
| B4                                  | Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.   |
| B5                                  | Que o estudantado desenvolvera aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.   |
| B7                                  | Capacidade para analizar tendencias (razoamento crítico).   |
| B8                                  | Capacidade de planificación, organización e xestión de recursos e operacións.   |
| B9                                  | Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións.   |
| B10                                 | Capacidade de comprensión da dimensión social e histórico-artística do deseño e a industria da moda, vehículo para a creatividade e a busca de solucións novas e efectivas.   |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.  |
| C2                                  | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.   |
| C3                                  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.   |
| C8                                  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.   |

| Resultados da aprendizaxe |                                     |
|---------------------------|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |



|  |                 |   |                      |
|--|-----------------|---|----------------------|
| Dominar os fundamentos do deseño en xeral e do deseño da moda en particular, enmarcándoas no seu contexto particular e xeral | A4<br>A5<br>A18 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B7<br>B8<br>B9<br>B10 | C1<br>C2<br>C3<br>C8 |
| Desenvolver as habilidades precisas para a xeración de ideas creativas e innovadoras   | A4<br>A5<br>A18 | B1<br>B3<br>B5<br>B7<br>B8<br>B9<br>B10             | C1<br>C3<br>C8       |
| Coñecer as linguaxes plásticas e visuais no ámbito do deseño para entender e interpretar as creacións artísticas vinculadas  | A4<br>A5<br>A18 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B7<br>B8<br>B9<br>B10 | C1<br>C3<br>C8       |

| Contidos         |  |
|------------------|--|
| Temas            | Subtemas   |
| 01. INTRODUCCIÓN | 01.01. PRESENTACION<br>01.02. DEFINICIÓNS<br>01.03. RELACIÓNS  |
| 02. FUNDAMENTOS  | 02.01. SABER VER O DESEÑO<br>02.02. OS PRINCIPIOS DO DESEÑO DE MODA<br>02.03. DESEÑO E EXPERIENCIA<br>02.04. DESEÑO E CORPO<br>02.05. DESEÑO E CULTURA<br>02.06. DESEÑO E XEOMETRIA<br>02.07. DESEÑO E PROXECTO<br>02.08. DESEÑO E METODOLOXÍA<br>02.09. DESEÑO, CONSTRUCCIÓN E MODA<br>02.10. DESEÑO, ARQUITECTURA E MODA |

| Planificación         |                                    |   |                         |              |
|-----------------------|------------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados          | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral      | A4 A18 B3 B7 B8 B9<br>B10 C2 C3 C8 | 18                                      | 18                      | 36           |



|                                       |  |    |    |    |
|---------------------------------------|--|----|----|----|
| Obradoiro                             | A4 A5 A18 B1 B2 B3<br>B4 B5 B8 B9 C1 C3<br>C8    | 18 | 45 | 63 |
| Traballos tutelados                   | A4 A5 A18 B1 B2 B3<br>B4 B5 B7 B8 B9 C1<br>C3 C8 | 3  | 24 | 27 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A4 A5 A18 B2 B3 B4<br>B8 B9 C1 C2 C3             | 2  | 2  | 4  |
| Proba obxectiva                       | A4 A18 B1 B3 B4 B5<br>B7 B8 B9 B10 C1 C8         | 2  | 16 | 18 |
| Atención personalizada                |  | 2  | 0  | 2  |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                          |  |
|---------------------------------------|--|
| Metodoloxías                          | Descrición   |
| Sesión maxistral                      | Clases teóricas e exposicións orais complementadas co uso de medios audiovisuais, coa finalidade de transmitir ó alumnado as bases fundamentais dos coñecementos e facilitar a súa aprendizaxe.  |
| Obradoiro                             | Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.  |
| Traballos tutelados                   | Como complemento ás clases expositivas e interactivas, e có obxecto de promover a aprendizaxe autónoma e grupal. Os estudantado desenvolverá continuamente traballos prácticos de tipo analítico en diversos formatos baixo a tutela do profesorado.   |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Preparación de material síntese do traballo realizado na materia para a súa exposición conxunta a finais de curso no evento organizado polo Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición<br>Asistencia a eventos divulgativos (congresos, xornadas, simposios, conferencias, etc.), indicados polo profesorado da materia como parte do contido docente do curso, co obxectivo de proporcionar ao alumnado coñecementos e experiencias actuais referentes a un determinado ámbito de estudo. |
| Proba obxectiva                       | Plantexaranse cuestións sobre o temario para ser respondidas en papel tanto de forma escrita en formato test, extenso ou gráfico   |

| Atención personalizada |   |
|------------------------|---|
| Metodoloxías           | Descrición  |
| Traballos tutelados    | Para o seguemento e supervisión das actividades non presenciais vinculadas ós traballos tutelados |

| Avaliación          |  |   |               |
|---------------------|--|---|---------------|
| Metodoloxías        | Competencias / Resultados                        | Descrición  | Cualificación |
| Traballos tutelados | A4 A5 A18 B1 B2 B3<br>B4 B5 B7 B8 B9 C1<br>C3 C8 | Como complemento das clases expositivas e das interactivas, e co obxecto de promover a aprendizaxe autónoma e grupal. Os estudantado desenvolverá continuamente traballos prácticos de tipo analítico en diversos formatos baixo a tutela do profesorado. | 70            |
| Proba obxectiva     | A4 A18 B1 B3 B4 B5<br>B7 B8 B9 B10 C1 C8         | Plantexaranse cuestións sobre o temario para ser respondidas en papel tanto de forma escrita en formato test, extenso ou gráfico  | 30            |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
|                         |



0. PRIMEIRA OPORTUNIDADE. Os estudantes para ser avaliados na primeira oportunidade (Xaneiro) deben cumprir os seguintes requisitos: a. Asistir ó 80% das clases. (Asistencia supón unha participación activa nas clases e seminarios da materia)

a. Realizar o 80% dos traballos nas datas indicadas.

b. Realizar o traballo grupal nas datas indicadas.

c. Respostar todas as preguntas na proba obxectiva e obter en todas as partes unha puntuación mínima de 4.

1. SEGUNDA OPORTUNIDADE (art.18) A segunda oportunidade (Xullo) únicamente consistirá na realización da proba obxectiva. Os mesmos requisitos serán esixidos que na primeira oportunidade, polo que estarán nas situacións: 1. cumprir os 4 requisitos previos indicados e obter unha calificación por debaixo de 5 na primeira proba obxectiva ou, 2: cumprir os tres primeiros requisitos e non ter realizado a primeira proba obxectiva.2.

CONVOCATORIA ADIANTADA (Art.19). Cumplíranse as condicións da segunda oportunidade.

3. CALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO.

En caso de non cumprir algún dos primeiros tres puntos (a, b, c) do apartado 0, o estudante

obterá a calificación de "NP" (non presentado) nas oportunidades de

Xaneiro e Xullo.

Se o estudante non asiste á primeira oportunidade (Xaneiro) e cumpre os tres primeiros requisitos, obterá un "NP" (Xaneiro)4. ESTUDIANTES CON RECOÑECEMENTO DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA DE EXENCIÓN DE ASISTENCIA. No caso de alumnado matriculado a tempo parcial a porcentaxe correspondente aos traballos individuais mantéñense nun 35%, elimínase a obriga de entregar traballo grupal, polo que a porcentaxe da proba obxectiva ascende ao 65%.

--

Os estudante que se matriculen có curso xa iniciado:

-Asistirán a non menos do 90% das clases presenciais.

-Completarán todos os traballos individuais e grupais nas datas esixidas -tras a súa matrícula-

-Os traballos xa realizados previos á súa matrícula serán esixidos e realizados segundo as instrucións do profesorado.

O

resto de regras que non entren en contradición coas anteriores

seránlles de aplicación do mesmo xeito que ao resto de estudantes.

Aqueles estudantes que participen programas de mobilidade saínte ou entrante

adaptaranse ás mesmas normas que o resto do estudiantado. --Plaxio. No relativo ao plaxio se atenderá ao indicado no Art. 14º das Normas de

avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.--Atención á diversidade: A materia poderá

ser adaptada ao estudiantado que precise a adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de

aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no centro: nos prazos oficiais

estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade

(<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa persoa tutora ADI do Centro.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica

Aicher, Otl. El mundo como proyecto. (Barcelona: Gustavo Gili, 1994)De Fusco, Renato. Historia del diseño. (Barcelona: Santa & Cole, 2005).Díaz Sánchez, Julián. Arte, diseño y moda: confluencias en el sistema artístico. (Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2012).Elam, Kimberly. La geometría del diseño: estudios sobre la proporción y la composición. (Barcelona: Gustavo Gili, 2014).Loewy, Raymond. Lo feo no se vende. (Barcelona: Editorial Iberia S.A., 1983). Loos, Adolf. Ornamento y delito y otros escritos. (Barcelona: Gustavo Gili, 1980).Munari, Bruno. ¿Cómo nacen los objetos? (Barcelona: Gustavo Gili, 2006). Munari, Bruno. Design as art. (London: Penguin modern classics, 2008). Pevsner, Nikolaus. Pioneros del diseño moderno: de William Morris a Walter Gropius. (Buenos Aires: Infinito, 2011). Press, Mike. El diseño como experiencia. (Barcelona: Gustavo Gili, 2009). Ruskin, John. Las siete lámparas de la arquitectura. (Barcelona: Alta Fulla, 2010). Souriau, Etienne. Diccionario Akal de Estética. (Madrid: Ediciones Akal, 1990)Spiro, Anette and Kluge, Friederike. How to begin. (Zurich: ETHZ, 2018)Sparke, Penny. Diseño y cultura, una introducción (Barcelona: Gustavo Gili, 2010). Volpintesta, Laura. Fundamentos del diseño de moda: los 26 principios que todo diseñador de moda debe conocer (Barcelona: Promopress, 2015). Wong, Wucius. Fundamentos del diseño. (Barcelona: Gustavo Gili, 2011).VVAA. Central Saint Martins Foundation: Key lessons in art and design. (London: Central Saint Martins, 2019)

Bibliografía complementaria <br />



| Recomendacións   |
|--|
| <b>Materias que se recomenda ter cursado previamente</b>   |
|  |
| <b>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</b>  |
| Historia da Arte e da Moda/710G03001   |
| <b>Materias que continúan o temario</b>  |
| Deseño de Moda/710G03010<br>Estética, Estilismo e Padronaxe/710G03016<br>Debuxo e Expresión Gráfica Aplicados á Moda/710G03006 |
| <b>Observacións</b>  |
|  |

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías